



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº8/2016, ORDINARIA, REALIZADA O 29 DE SETEMBRO DE 2016.**

## ASISTENTES

### Presidente

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis(PP)

### Concelleiros/as

#### Grupo municipal do PP

DUARTE GERPE, Florinda  
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso  
RAMILO VARELA, Margarita  
BARBEITO REY, Carlos  
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel  
REGUEIRA MOAR, Rubén

#### Grupo municipal do PSdeG-PSOE

COUTO LÓPEZ, Pablo  
CETINA MOCHALES, Jesús Javier  
BLANCO FIDALGO, Patricia  
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria  
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco

#### Grupo municipal mixto

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

### Interventora do Concello

Noemí González Mato

### Secretario do Concello

Diego García Doval

**HORA DE INICIO:** 12:05

**HORA DE REMATE:** 13:08

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:05 horas do 29 de setembro de 2016, tras convocatoria efectuada polo Señor Alcalde mediante decreto do 26 de agosto de 2016, e segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense na sesión 8/2016, de carácter ordinario, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

## ORDE DO DÍA

### Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior ( nº 7/2016, extraordinaria, do 29 de agosto de 2016).
- 2.- Proposta de adhesión do Concello de Carral á asociación de concellos para a promoción do desenvolvemento turístico do Camiño Inglés de Santiago (Asociación de Concellos do Camiño Inglés) e de aprobación da proposta de estatutos para a constitución e funcionamento daquela.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

3.- Proposta de aprobación da conta xeral do Concello de Carral correspondente ao ano 2015 e rendición dela ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Cuentas.

## Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

4.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

5.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

6.- Rogos e preguntas.

## PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ( Nº 7/2016, EXTRAORDINARIA, DO 29 DE AGOSTO DE 2016).**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 7/2016, extraordinaria, do 29 de agosto de 2016 .

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referida entre os presentes nesta .

### **2.- PROPOSTA DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE CARRAL Á ASOCIACIÓN DE CONCELLOS PARA A PROMOCIÓN DO DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO DO CAMIÑO INGLÉS DE SANTIAGO (ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS) E DE APROBACIÓN DA PROPOSTA DE ESTATUTOS PARA A CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DAQUELA.**

## **EXPOSICIÓN**

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 21 de setembro de 2016, como segue:

### **" PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO**

**Asunto: Proposta de adhesión do Concello de Carral á asociación de concellos para a promoción do desenvolvemento turístico do Camiño Inglés de Santiago (Asociación de Concellos do Camiño Inglés) e de aprobación da proposta de estatutos para a constitución e funcionamento daquela.**

Logo de ver que este municipio ten a intención de formar parte dunha asociación de municipios para a promoción do desenvolvemento do turismo no Camiño Inglés de Santiago, xunto cos municipios de Mesía, Cabanas, Paderne, Oroso, Abegondo, Neda, Miño, Pontedeume, Betanzos, Ordes, Culleredo, Cambre, Fene, Narón, Santiago de Compostela, Ferrol e A Coruña.

Logo de ver o texto vixente da Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, como segue:

"1. Las entidades locales pueden constituir asociaciones, de ámbito estatal o autonómico, para la protección y promoción de sus intereses comunes, a las que se les aplicará su normativa específica y, en lo no previsto en él, la legislación del Estado en materia de asociaciones.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

2. Las asociaciones de entidades locales se registrarán por sus estatutos, aprobados por los representantes de las entidades asociadas, los cuales deberán garantizar la participación de sus miembros en las tareas asociativas y la representatividad de sus órganos de gobierno. Asimismo, se señalará en los estatutos la periodicidad con la que hayan de celebrarse las Asambleas Generales Ordinarias, en caso de que dicha periodicidad sea superior a la prevista, con carácter general, en el artículo 11.3 de la Ley Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora del Derecho de Asociación.

3. Dichas asociaciones, en el ámbito propio de sus funciones, podrán celebrar convenios con las distintas Administraciones Públicas. Asimismo, de conformidad con lo establecido en el artículo 12.2 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, podrán actuar como entidades colaboradoras de la Administración en la gestión de las subvenciones de la que puedan ser beneficiarias las Entidades Locales y sus organismos dependientes.

Las asociaciones de Entidades Locales podrán adherirse al sistema de contratación centralizada estatal regulado en el artículo 206 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, en los mismos términos que las Entidades Locales.

Conforme a lo previsto en el artículo 203 del Texto Refundido de la Ley de Contratos del Sector Público, estas asociaciones podrán crear centrales de contratación. Las Entidades Locales a ellas asociadas, podrán adherirse a dichas centrales para aquéllos servicios, suministros y obras cuya contratación se haya efectuado por aquéllas, de acuerdo con las normas previstas en ese Texto Refundido, para la preparación y adjudicación de los contratos de las Administraciones Públicas.

4. Las asociaciones de Entidades Locales de ámbito estatal con mayor implantación en todo el territorio ostentarán la representación institucional de la Administración local en sus relaciones con la Administración General del Estado."

Logo de ver a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación.

Logo de ver o informe ("sobre constitución de una entidad intermunicipal para la promoción y protección del Camino Inglés del Camino de Santiago") emitido o 19 de outubro de 2015 polo letrado adxunto da Deputación provincial da Coruña D. Manuel M. Pérez Queiro co visto e conforme do letrado-asesor xurídico D. Ramón Valentín López Rey, no que se conclúe que "(...) Esta Asesoría Jurídica entiende que el instrumento más adecuado para la consecución de los fines perseguidos es la constitución de una asociación al amparo de la LODA".

Logo de ver as actas das reunións mantidas ao respecto por membros dos devanditos Concellos o 21 de outubro de 2015, o 21 de xuño de 2016 e o 5 de xullo de 2016, na derradeira das cales se acordou establecer o 30 de setembro de 2016 coma derradeiro día para a aprobación por parte plenos dos Concellos dos estatutos propostos.

Logo de ver o informe emitido o 13 de xullo de 2016 por parte do técnico municipal de Cultura do Concello de Carral, D. Carlos Lorenzo Pérez.

Tendo en conta, pois, os antecedentes e o establecido no texto vixente das Leis 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e tendo en conta o establecido no artigo 47.2.g) LRBRL, **PROPOÑO ao Pleno do Concello de Carral** que, en consonancia co que propón á súa vez o Pleno do Consorcio das Mariñas e, previos os preceptivos informes que procedan e o ditame da comisión informativa competente, adopte os seguintes

### ACORDOS

1.- Manifestar a vontade do Concello de Carral (A Coruña) de adherirse á Asociación de Concellos para a promoción do desenvolvemento turístico do Camiño Inglés de Santiago, xunto cos concellos de Mesá, Cabanas, Paderne, Oroso, Abegondo, Neda, Miño, Pontedeume, Betanzos, Ordes, Culleredo, Cambre, Fene, Narón, Santiago de Compostela, Ferrol e A Coruña.

2.- Aprobación da proposta de estatutos (que se contén no anexo) para a constitución e funcionamento da



# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

devandita asociación de concellos, e expresar a vontade de concorrer á asemblea que os aprobe definitivamente.

3.- Designar ao señor Alcalde do Concello de Carral, D. José Luis Fernández mourinho, coma representante titular da Corporación na devandita asemblea e na constitución da futura asociación e a D<sup>a</sup>. Margarita Ramilo Varela, concelleira delegada das áreas de cultura, participación cidadá e voluntariado do Concello de Carral, coma suplente."

"ANEXO

## ESTATUTOS ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

### CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

#### Artigo 1º.-

1.- Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación: "ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS"

2.- A asociación rexeráse polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

#### Artigo 2º.-

1.-A asociación terá sede rotatoria entre os concellos membros. Estará emprazada no municipio no que o seu alcalde ocupe a presidencia.

2.-No momento de constitución o domicilio principal da asociación radicará na localidade de Carral, na Casa da Cultura, rúa de Paleio, nº 17, C.P. 15175, provincia da Coruña e teléfono 981672580.

**Artigo 3º.-** A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

#### Artigo 4º.-

1.- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

a.-Terá un carácter non lucrativo.

b.-Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.

c.-Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

d.-O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.

e.-Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

f.-Anualmente a xunta directiva presentará á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.

g.-Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.



## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

3. A asociación rexeráse segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

### Artigo 5º.-

1.-Son fins principais da asociación:

a.-Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño Inglés, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño Inglés.

b.-Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e histórico-artístico do Camiño Inglés.

c.-Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño Inglés.

d.-Canalizar a promoción turística do Camiño Inglés, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.

e.-Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño Inglés.

f.-Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentado e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.

g.-Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.

h.-Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.

i.-Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.

j.-Representar aos concellos do Camiño Inglés en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.

k.-Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño Inglés leven a cabo outros organismos públicos e privados.

l.-Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.

2.-Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá:

a.-Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.

b.-Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño Inglés nos concellos membros.

c.-Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.

d.-Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.

e.-Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.

f.-Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.

g.-Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.

h.-Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

### CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

[www.carral.es](http://www.carral.es)

### Artigo 6º.-

1.- Poderán formar parte da asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño Inglés. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.

2.- A alta será solicitada polo alcalde ou presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da asociación, quen dará conta á asemblea xeral, que acordará acceder ou non á admisión.

3.- Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da asemblea xeral.

4.- O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

### Artigo 7º.- Dereitos dos membros da asociación:

a.- Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.

b.- Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.

c.- Participar nas áreas da asociación.

d.- Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.

e.- Ter coñecemento da execución do orzamento.

f.- Solicitar ao presidente reunir á asemblea xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

### Artigo 8º.- Obrigas dos socios da asociación:

a.- Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.

b.- Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.

c.- Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

### Artigo 9º.- A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

a.- Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.3.

b.- Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da xunta directiva.

c.- Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.


d.- Perderase a condición de socio da asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

### Artigo 10º.- Membro amigo

1.- Poderán participar na asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño Inglés.

2.- A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.

3.- Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño Inglés. Será a asemblea xeral a que acorde acceder ou non á admisión.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

## CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

**Artigo 11º.-** Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- Asemblea xeral onde están representados todos os socios.
- Xunta directiva, que é o órgano do goberno da asociación e está formada polo presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e tres vogais.

Cada vogal representará aos seguintes treitos do Camiño Inglés e será escollido entre eles:

- Treito Ferrol-Bruma (Mesía): Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne e Betanzos.
- Treito A Coruña-Bruma (Mesía): A Coruña, Culleredo, Cambre, Carral e Abegondo.
- Treito Bruma (Mesía)-Santiago de Compostela: Mesía, Ordes, Oroso e Santiago de Compostela.

**Artigo 12º.-** A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

**Artigo 13º.-** Son competencias da asemblea xeral:

- a.-Aprobar a modificación dos estatutos
- b.-Aprobar o plan de actuacións da asociación
- c.-Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno
- d.-Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias
- e.-Disolver a asociación
- f.-Establecer a estrutura organizativa
- g.-Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- h.-Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

**Artigo 14º.-**

- 1.-As sesións que celebre a asemblea xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
- 2.-A asemblea reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo Presidente cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.
- 3.-A asemblea reunirse con carácter extraordinario tantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.
- 4.-As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan o presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta directiva a persoa que ostente a xerencia da Oficina Técnica de Xestión podendo o presidente auxiliarse, cando a xerencia corresponda a persoa distinta e se o considera necesario polo secretario xeral do concello que preside ou técnico en quen delegue.

**Artigo 15º.-** Tanto para a asemblea ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.

Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensivo dos asuntos para tratar, debéndose incluír naquel, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

**Artigo 16º.-** Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a.-Nomeamento das xuntas directivas e administradores
- b.-Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas
- c.-Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado
- d.-Modificación de estatutos
- e.-Destitución do presidente
- f.-Disolución da entidade

**Artigo 17º.-** As Asembleas estarán presididas polo presidente, asistido do secretario, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

**Artigo 18º.-** A presidencia da asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola asemblea xeral. O vicepresidente, o secretario, o tesoureiro e os tres vogais que completan a xunta directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen. No caso de que non exista o número de concellos necesario para postularse para a xunta directiva, elixiranse entre aqueles concellos que aínda non ocuparan postos directivos.

A vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

**Artigo 19º.-**

1.- A duración do mandato do presidente será de dous (2) anos.

2.- Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:

- a.-Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea
- b.-Por perda da condición de membro da asociación
- c.-Por destitución mediante acordo da asemblea xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte asemblea xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.

**Artigo 20º.-** O presidente da asociación serao tamén da asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- a.-Representar á asociación
- b.-Tutelar a Oficina Técnica de Xestión
- c.-Convocar e presidir as sesións da asemblea xeral, con voz, voto e voto de calidade
- d.-Ordenar e autorizar pagos

e.-Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.

## Capítulo IV DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

**Artigo 21º.-** A xunta directiva terá as seguintes atribucións:

- a.-A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campos da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

- b.-A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- c.-O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e dea parte á asemblea xeral.
- d.-Executar os acordos da asemblea xeral
- e.-Decidir sobre cuestións reservadas á asemblea xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola asemblea xeral na seguinte sesión que celebre
- f.-Velar polo bo funcionamento da asociación.
- g.-As competencias que o presidente ou a asemblea xeral deleguen nela.

A duración do mandato dos membros da xunta directiva será de dous (2) anos, podendo seren reelixidos pola asemblea xeral seguindo os criterios do Título V art. 18 dos presentes estatutos.

### Artigo 22º.- Secretaría e Tesourería

1.- Son funcións da secretaría:

- a.-A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
- b.-Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.
- c.-Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva.

2.-Son funcións da Tesourería:

- a.-Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- b.-Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente.
- c.-Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.

**Artigo 23º.-** A asociación poderá dispor dunha Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.

1.- A Oficina Técnica de Xestión, dependerá directamente da xerencia, de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, e establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a xunta directiva da asociación ou por persoal contratado pola Asociación.

2.- Son funcións da xerencia en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola presidencia, as seguintes:

- a.-Asistencia técnica á presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.
- b.-Propoñer ao presidente as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.
- c.-Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións Públicas e entidades privadas.
- d.-Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.
- e.-Elaborar os orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
- f.-Auxiliar e asesorar á presidencia e aos concellos membro respecto das estratexias para desenvolver, documentos técnicos dá emitir e en cantas accións, plans e proxectos sexan de beneficio á asociación.
- g.-Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos das cidades e establecer contactos e relacións coas





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

empresas e servizos turísticos relacionados coa asociación.

h.-Planificar e organizar os programas anuais de traballo da Asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.

i.-Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.

## TÍTULO V DO RÉXIME ECONÓMICO

### Artigo 24º.-

1.-Os recursos da Asociación procederán de:

a.-As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.

b.-As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos .

c.-As subvencións ou doazóns que se reciban.

d.-Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

2.-As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola asemblea xeral. Fixaranse as contías tendo en conta os seguintes tramos por número de habitantes:

- Ata 5.000 habitantes
- De 5.001 a 10.000 habitantes
- De 10.001 a 30.000 habitantes
- De 30.001 a 50.000 habitantes
- De 50.001 a 100.000 habitantes
- Máis de 100.000 habitantes

3.-O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.

4.-A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.

5.-O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará cada ano o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

## TÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

### Artigo 25º.-

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola asemblea xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos asistentes.

## TÍTULO VII DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

### Artigo 26º.-

1.-O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

a.-Por acordo da asemblea xeral extraordinaria

b.-Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil

c.-Por resolución xudicial e firme

2.-Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigacións pertinentes.

## DISPOSICIÓN ADICIONAIS

1ª. En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo."

No expediente constan os preceptivos informes da Secretaría do Concello nº 7/2016, do 21 de setembro, e da Intervención do Concello, do 22 de setembro de 2016.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 26 de setembro de 2016 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por catro votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, e con catro abstencións dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e mixto, presentes na sesión.

## DEBATE

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC-SON) manifesta que non estivo na sesión da comisión informativa o técnico de Cultura encargado do expediente, Carlos Lorenzo, e que tampouco está nesta sesión, polo que non sabe a quen preguntar as súas dúbidas, e pregunta se llas comentaron ao señor Alcalde. Indica que no seu grupo non souberon das reunións realizadas nin da vontade de crear tal asociación, e que non entende o escurantismo existente, cando se trata dun tema claro e sinxelo. Manifesta que entre as súas dúbidas sobre os estatutos, que non lle souberon resolver na comisión informativa está a de se vai haber na Asemblea Xeral máis representantes cós do goberno. Coida que estaría ben que nela estivesen representados os demais grupos para enteirarse do alí tratado e que, en calquera caso, houbera de dar conta ao Pleno das resolucións que alí se adopten. Espera que non sexa unha xuntanza de Alcaldes coma no caso do Consorcio e a Mancomunidade, e que tampouco sexa unha excusa dos Alcaldes para viaxar a costa do contribuinte.

O señor Couto López (grupo municipal do PsdeG-PSOE) manifesta que está a favor de potenciar o Camiño Inglés, mais non está moi de acordo con tratar sobre os estatutos xa finalizados. Engade que o seu grupo non quere entorpecer a creación dunha asociación que consideran interesante e boa para potenciar o Camiño Inglés, como se fai co Francés, mais pide unha maior participación para os outros grupos do Concello.

O señor Alcalde explica que o antecedente desta asociación s efundou a principios dos anos 90, coma Consorcio de concellos do Camiño Inglés, mais, coma houbo leis que eliminaron os consorcios, chegaron á conclusión de que era mellor constituir unha asociación coma a proposta. Engade que xa houbo uns estatutos iniciais, antes de ser el concelleiro, para crear unha asociación sen ánimo de lucro, e que agora lle toca a tarefa a Carral, por orde alfabética, tras cederlle o papel o ano pasado Cambre. Indica que os estatutos están inspirados nos doutras asociacións similares, vistos polas Secretarías dos 18 concellos integrantes, contrastados, e con achegas dos responsables políticos dos diferentes concellos. Indica que, por exemplo, os concellos da Coruña, Santiago e Ferrol non participaron en nada, e que o resto achegaron as súas ideas. Explica que se pretende unha asociación de concellos que sexa áxil para promover os atractivos do Camiño Inglés. Engade que ninguén cuestiona o Camiño Francés, mais opina que





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

2017 vai ser o ano do Camiño Inglés, e que, para iso, a asociación se comunicará co Xacobeo e coa Consellaría de Cultura da Xunta. Por outra banda, explica que o Alcalde de Carral nunca viaxou a costa de ningún organismo e considera que as apreciacións verquidas ao respecto son gratuítas, porque o Alcalde de Carral se paga as súas viaxes. En canto ás achegas propostas dos Concellos á asociación, explica que o Concello da Coruña manifestou que non podía adicar a tal fin máis de 6.000 €, e que o resto de concellos se adaptaron a iso.

O señor Bergondo trillo replica que non acusou ao señor Alcalde de nada, mais que só espera que a asociación non sirva para pagar viaxes. Por outra banda, pregunta se a asociación se vai encargar de conservar o Camiño, ou vai facelo cada concello, e se se poderá presentar alegacións aos estatutos.

O señor Alcalde resposta que se pretende crear un foro para achegar ideas e transmitilas á Deputación, ao Xacobeo, á Dirección Xeral de Turismo ou á Consellaría de Cultura. Explica que do mantemento do camiño se encarga fundamentalmente o Xacobeo, e que se trata de que a asociación se reúna cada certo tempo para trasladar que atendan ás necesidades do Camiño Inglés. Indica que as achegas se utilizarán, por exemplo, para promocionar o camiño en FITUR ou noutras feiras similares, ou para editar trípticos. Manifesta que a asociación non vai ter atribucións físicas sobre o camiño, mais si esixirá que se conserve en perfectas condicións. Por último, indica que o texto proposto dos estatutos foi consensuado por todos os grupos políticos dos distintos Concellos.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as presentes na sesión (o que supera a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, esixida polo texto vixente do artigo 47.2.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local) , adoptando os seguintes acordos:

1.- Manifestar a vontade do Concello de Carral (A Coruña) de adherirse á Asociación de Concellos para a promoción do desenvolvemento turístico do Camiño Inglés de Santiago, xunto cos concellos de Mesía, Cabanas, Paderne, Oroso, Abegondo, Neda, Miño, Pontedeume, Betanzos, Ordes, Culleredo, Cambre, Fene, Narón, Santiago de Compostela, Ferrol e A Coruña.

2.- Aprobar a proposta de estatutos (que se contén no anexo) para a constitución e funcionamento da devandita asociación de concellos, e expresar a vontade de concorrer á asemblea que os aprrobe definitivamente.

3.- Designar ao señor Alcalde do Concello de Carral, D. José Luis Fernández Mouriño, coma representante titular da Corporación na devandita asemblea e na constitución da futura asociación e a D<sup>a</sup>. Margarita Ramilo Varela, concelleira delegada das áreas de cultura, participación cidadá e voluntariado do Concello de Carral, coma suplente.

### 3.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE CARRAL CORRESPONDENTE AO ANO 2015 E RENDICIÓN DELA AO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA E AO TRIBUNAL DE CUENTAS.

#### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 20 de setembro de 2016, como segue:





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

## "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

**Asunto: Aprobación da conta xeral do Concello de Carral correspondente ao ano 2015 e rendición dela ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Cuentas.**

Logo de formar a Intervención do Concello de Carral (A Coruña) a conta xeral correspondente ao exercicio de 2015, e de poñer as contas e a documentación complementaria que a integran a disposición dos/as membros da comisión especial de contas do Concello dende o 4 de xullo de 2016, en cumprimento do establecido no artigo 212.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a devandita comisión emitiu informe favorábel ao respecto na súa sesión realizada o 22 de xullo de 2016.

En cumprimento do establecido no art. 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, a conta xeral e o devandito informe da comisión especial de contas quedaron expostos ao público por prazo de 15 días dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 143, do 29 de xullo de 2016, durante os cales e oito máis os/as interesados/as tiveron a oportunidade de presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Dado que, segundo o informe emitido o 20 de setembro de 2016 pola auxiliar do rexistro xeral do Concello, durante o devandito prazo non se presentou ningunha reclamación ao respecto, polo que non procede o seu exame pola comisión especial nin a emisión de novo informe,

## **PROPOÑO AO PLENO**

a adopción dos seguintes acordos, en cumprimento do establecido nos artigos 212.4 e .5, e 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, da Lei 7/1988, de 5 de abril, de Funcionamiento do Tribunal de Cuentas, e 25.2 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia:

- 1.- Aprobar a conta xeral do Concello de Carral correspondente ao exercicio de 2015.
- 2.- Rendir ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia a devandita conta xeral debidamente aprobada."

## **DEBATE**

O señor Couto López (Grupo municipal do PsdeG-PSOE) manifesta que xa faláron moito das contas do Concello e do seu desacordo sobre como se levan, polo que anuncia o voto do seu grupo en contra da proposta.

## **VOTACIÓN E ACORDOS**

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as dos grupos municipais do PsdeG-PSOE e mixto, adoptando os seguintes acordos:

- 1.- Aprobar a conta xeral do Concello de Carral correspondente ao exercicio de 2015.
- 2.- Rendir ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia a devandita conta xeral debidamente aprobada.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

### PARTE DA SESIÓN DE CONTROL DOS DEMAIS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN

#### **4.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.**

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados pola Alcaldía entre o 22 de xullo de 2016 e o 26 de setembro de 2016 (dende a anterior sesión ordinaria do Pleno, até a convocatoria da presente sesión plenaria), dos que se deu conta ao Pleno. Asemade, dáse conta dun reparo suspensivo da Intervención do Concello, e da resolución (nº 253/2016) adoptada pola Alcaldía contraria a aquele, polos motivos que nela se indican, en cumprimento do establecido no artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, na súa redacción outorgada polo artigo 2.3 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

Nº	DATA	ASUNTO
224/2016	22/07/2016	Asunto: Aprobación e pagamento á Xunta de Galicia (Consellaría de Economía e Facenda) de taxa por "anuncio do DOG relativo a Modificación puntual das normas subsidiarias do planeamiento urbanístico, UA5".
225/2016	22/07/2016	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 23/2016
226/2016	26/07/2016	Asunto: Solicitude á Xunta de Galicia (Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) de subvención para a obra "Pavimentación de vial e aceras na Rúa do Pan" ao abeiro da Orde do 14 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do Plan específico extraordinario de investimentos destinado á mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia.
227/2016	26/07/2016	ASUNTO: Aprobar a conta de 10.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2016.342.62203 para o pago do principal pendente de pago e de 8.392,53 €, con cargo a aplicación orzamentaria 2016.342.35200, para o pago dos xuros correspondentes a a nulidade 2016, á UTE formado por "Canarga, S.L." e "Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.", conforme sentenza de 10 de setembro de 2014, o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de A Coruña e acordo de pago de data 6 de novembro de 2014, entre o Concello de Carral e a UTE formado por "Canarga, S.L." e "Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.."
228/2016	27/07/2016	Asunto: Devolución de garantía definitiva constituída por Excavaciones y Obras Candal, S.L. U., coma adxudicatario do contrato da obra "Cerramento e alumeado no Campo de Fútbol dos Capelos"
229/2016	01/08/2016	Asunto: Convocatoria XGL, sesión 9/2016, Ordinaria dia 02/08/2016
230/2016	01/08/2016	Asunto: Aprobación e pagamento á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia de taxa por anuncio no DOG de licitación do contrato de subministración e instalación de "Renovación del alumbrado público del Ayuntamiento de Carral"
231/2016	01/08/2016	Asunto: Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas (xuño de 2016)
232/2016	02/08/2016	Asunto: Concesión urgente de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D. Carlos Sánchez Fernández
233/2016	03/08/2016	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª Elida Cañós Fuentes e D. Elisardo Gómez Couto.
234/2016	04/08/2016	Asunto: Iniciación do expediente de contratación da obra "MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS EN SAN VICENTE" (FINANCIADA CON CARGO Á SUBVENCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA. Convocatoria, resolución 25-1-2016; Outorgamento, resolución 12-5-2016)
234bis/2016	04/08/2016	Asunto: Resolución inicio procedementos sancionados por tráfico (14)
235/2016	08/08/2016	Asunto: Liquidación taxas complexo deportivo Agosto 2016
236/2016	09/08/2016	Asunto: Liquidación SAF dependencia y básica julio-2016
237/2016	10/08/2016	Asunto: Aprobación y pago liquidación Agencia Tributaria
238/2016	10/08/2016	Asunto: Gestión biomasa parcela 378 Gosende (Tabeaio)
239/2016	10/08/2016	Asunto: Gestión biomasa parcela 380 Gosende (Tabeaio)
240/2016	10/08/2016	Asunto: Gestión biomasa parcela 381 Gosende (Tabeaio)





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

241/2016	11/08/2016	Asunto: Convocatoria Tribunal para selección obreros
242/2016	17/08/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D <sup>a</sup> . Josefina Casas Brea (EXP. LP 16/2016)
243/2016	17/08/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D <sup>a</sup> . María Jesús Otero García Rosales (EXP. LP 17/2016)
244/2016	18/08/2016	Asunto: Modificación da solicitude á Xunta de Galicia (Consellaría de Política Social) de transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal para o ano 2016.
245/2016	19/08/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Manuel Germade Cacheiro (EXP. LP 18/2016)
245bis/2016	19/08/2016	Asunto: Resolución inicio procedementos sancionadopres de tráfico (1)
246/2016	22/08/2016	Asunto: Convocatoria 5/2016 Extraordinaria, Comisión Informativa Asuntos Xerais do Pleno, o día 25/08/2016
247/2016	22/08/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D. Ángel López Blanco (EXP. LP 19/2016)
248/2016	22/08/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Antonio Rodríguez Rodríguez (EXP. LP 20/2016)
249/2016	23/08/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D <sup>a</sup> . Josefa Rodríguez Pan (EXP. LP 21/2016)
250/2016	24/08/2016	Asunto: Contratación laboral temporal de un oficial de primeira, un oficial de segunda e un peón (albaneís), a xornada completa, ata o 31 de decembro de 2016, na modalidade contractual de obra ou servizo determinado, ao abeiro da subvención concedida pola Excm. Deputación Provincial da Coruña a través das bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 75 do 21 de abril de 2016 e da aprobación do Programa de Integración Laboral (PIL) publicado no nº 118 do 22 de xuño de 2016, para a anualidade 2016.
251/2016	25/08/2016	Asunto: Convocatoria Pleno 7/2016 Extraordinaria (luns 29 de agosto de 2016 ás 10:00 horas)
251bis/2016	25/08/2016	Asunto: Resolución inicio procedementos sancionadopres de tráfico (12)
252/2016	26/08/2016	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 24/2016
253/2016	26/08/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D <sup>a</sup> . Carlota Caramelo Bello (EXP. LP 24/2016)
254/2016	29/08/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Rubén Iván Iglesias Novo (EXP. LP 22/2016)
255/2016	29/08/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Joaquín Bermúdez de la Fuente (EXP. LP 23/2016)
256/2016	29/08/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D <sup>a</sup> . Carlota Caramelo Bello (EXP. LP 24/2016)
257/2016	29/08/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Olegario pardo López e outros (EXP. LP 25/2016)
258/2016	29/08/2016	Asunto: Aprobación e pagamento á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia de taxa por autorización para a ampliación de horarios durante as Festas Patronais de 2016.
259/2016	29/08/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D. José Brea varela (EXP. LP 26/2016)
260/2016	29/08/2016	Asunto: Contrato: Obra "MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS EN SAN VICENTE" (FINANCIADA CON CARGO Á SUBVENCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA. Convocatoria, resolución 25-1-2016; Outorgamento, resolución 12-5-2016)
261/2016	30/08/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D. Antonio Lozano Merelas (EXP. LP 27/2016)
262/2016	30/08/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Ramón Cabanas Fariña (EXP. LP 28/2016)
263/2016	31/08/2016	Asunto: Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra "Mellora de camiño municipal de acceso a explotacións agrarias en San Vicente", financiada parcialmente mediante unha subvención da Axencia Galega de desenvolvemento Rural (Agader), concedida ao abeiro da convocatoria efectuada por medio da resolución do 25 de xaneiro de 2016 pola que se aproba o Plan marco: mellora de camiños de municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado con Feader ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

264/2016	31/08/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D <sup>a</sup> . Carmen Rodríguez Gómez (EXP. LP 30/2016)
265/2016	31/08/2016	Asunto: Resolución de mutuo acordo do contrato da obra "Urbanización da unidade de actuación nº2 deste termo municipal", adxudicado a Excavaciones y Obras Candal, S.L.
266/2016	31/08/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Ramón Estepa Galán (EXP. LP 29/2016)
267/2016	01/09/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D. Antonio Rodríguez Ínsua (EXP. LP 31/2016)
268/2016	01/09/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D <sup>a</sup> Pilar Vázquez Gende (EXP. LP 32/2016)
269/2016	01/09/2016	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D <sup>a</sup> . Concepción García García e D. José Núñez Fariña
270/2016	01/09/2016	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D <sup>a</sup> . Avelina Naya Gómez
271/2016	01/09/2016	Asunto: Comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por permiso para concorrer a exames finais (art. 111 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia) o día 5 de setembro de 2016.
272/2016	02/09/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D. Joaquín Sánchez Fariña (EXP. LP 33/2016)
273/2016	02/09/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D <sup>a</sup> María Esther Bello Brea (EXP. LP 34/2016)
274/2016	02/09/2016	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (setembro de 2016)
275/2016	05/09/2016	Asunto: Privación de efectos do decreto 271/2016 (comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por permiso para concorrer a exames finais (art. 111 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia) o día 5 de setembro de 2016) por renuncia do solicitante ao permiso concedido.
276/2016	07/09/2016	Asunto: Concesión de tarxeta de estacionamento para persoa con minusvalidez D. Maximino José Mosquera Rivadeneira.
277/2016	09/09/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D Manuel Barros Torres (EXP. LP 35/2016)
278/2016	09/09/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D Antonio Rodríguez Fuentes (EXP. LP 36/2016)
279/2016	09/09/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D <sup>a</sup> María Esther Bello Brea (EXP. LP 37/2016)
280/2016	16/09/2016	Asunto: Convocatoria Xunta de Goberno Local N <sup>o</sup> SESIÓN: 10/2016 Ordinaria (19/09/2016)
281/2016	16/09/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Manuel Orgeira Candal (EXP. LP 38/2016)
282/2016	16/09/2016	Asunto: Aprobación e pagamento ao perxudicado, IDEASMOBLE, S.L., da franquicia de 150,00 € polo sinistro de referencia 14685734.
283/2016	19/09/2016	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 9/2016)
284/2016	19/09/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D <sup>a</sup> María Noya Otero (EXP. LP 39/2016)
285/2016	19/09/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D <sup>a</sup> Felisa Botana Feito (EXP. LP 40/2016)
286/2016	19/09/2016	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 22/2016
287/02016	20/09/2016	Asunto: Iniciación do expediente de contratación da obra "MELLORA DO TRÁFICO INTERNO DOS VIAIS DO PARQUE EMPRESARIAL DOS CAPELOS MEDIANTE A CREACIÓN DUN APARCAMENTO" (financiada con cargo á subvención da Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia. Convocatoria, Orde do 28-12-2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)


Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tèl.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

[www.carral.es](http://www.carral.es)

		Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016; Outorgamento, resolución 23-5-2016)
288/2016	21/09/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Joaquín Bermúdez de la Fuente (EXP. LP 41/2016)
289/2016	22/09/2016	CONVOCATORIA : Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno 6/2016, Ordinaria (26 de setembro de 2016 ás 13,00 horas)
290/2016	22/09/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Dª. María Lozano López e outros (EXP. LP 42/2016)
291/2016	23/09/2016	Asunto: Aprobación certificación nº 1 e derradeira da obra "MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS EN SAN VICENTE" (FINANCIADA CON CARGO Á SUBVENCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA. Convocatoria, resolución 25-1-2016; Outorgamento, resolución 12-5-2016)
292/2016	23/09/2016	Asunto: Solicitud de D Manuel Barreiro Varela e Dª María Isabel Barbeito Fariña de licenza de obra maior para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar do Canedo, Santa Mariña de Beira.
293/2016	23/09/2016	Asunto: Solicitud á Xunta de Galicia (Consellaría de Política Social) de subvención ao abeiro da orde do 12 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións que desenvolverán as corporacións locais para a posta en marcha de programas de axudas económicas a familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017.
294/2016	23/09/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Manuel José Seoane Doval (EXP. LP 43/2016)
295/2016	23/09/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Dª. Matilde Seoane Doval (EXP. LP 44/2016)
296/2016	23/09/2016	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Félix Estébanez Bercedo (EXP. LP 45/2016)
297/2016	23/09/2016	Asunto: Aprobación, exposición pública e posta ao cobramento de padrón auga-sumidoiros-depuración- canon da auga 1º trimestre 2016
298/2016	23/09/2016	Asunto: Modificación do Orzamento Xeral do Concello Exp. M.C.5/2015, Transferencia de crédito mesmo grupo de función 1/2016.
299/2016	23/09/2016	Asunto: Aprobación pagamento xuros convenio de pagamentos asinado entre o Concello de Carral e D. Juan Manuel Gómez Gómez o 13 de xullo de 2016.
300/2016	26/09/2016	Asunto: Convocatoria Pleno 8/2016 Ordinaria (xoves 29 de setembro de 2016 ás 12:00 horas)

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta que hai un decreto, o 265/2016, no que, polo que parece, se recoñece o pagamento dunha factura por débedas ao contratista da obra da urbanización da UA2 por importe duns 119.000 euros. Engade que lle preocupa que o sistema empregado foi o de cooperación, como se pretende para a UA5. Coida que o uso de tal sistema para a UA2 supuxo que a unidade quedase sen desenvolver, coa urbanización a medias, e que o Concello perdese uns 200.000 €. Engade que o contrato da obra puña que o contratista non cobraría até que se cobrase dos propietarios dos terreos, mais o 90% de tales terreos eran de Promar Orzán, que entrou en concurso de acredores. Reitera que non entende que gañou Carral con ese "fígar cara adiante" o Concello, en lugar dos propietarios, aparte de perder 200.000 euros, que non sabe cando se recuperarán. Pregunta se hai moitas sorpresas máis nestas unidades e indica que, aínda que este proxecto é de 2006, se segue a tentar facer outras unidades por este mesmo sistema. Repite as súas observacións sobre que o contrato di que o contratista non cobraría até que o fíxese o Concello dos propietarios; pregúntase de novo para que valeu esta actuación; e pregúntase se hai máis gastos derivados dela.

O señor Alcalde resposta que ao empresario se lle pagou porque se lle debía, e explica que a promotora está en concurso de acredores, mais que se recuperará o diñeiro con xuros. Engade que, por tal situación, deixou un edificio a medio rematar, outro sen empezar, e un terceiro no que





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campos da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

xa hai xente vivindo. Engade que falta máis ou menos un 30% da urbanización, mais reitera que ese diñeiro se vai recuperar co patrimonio que hai aí. Manifesta que hai moitos casos así por aí adiante, e que este saíu así por ser unha das promocións que quedaron paradas coa crise. (O señor Couto replica que non hai moitos de 200.000 €). Reitera que houbo que fagar ao construtor porque o contratista da obra é o Concello. Por último, indica que, se o señor Couto quere máis clarexamentos legais sobre a UA2, o Secretario e a Asesora xurídica están á súa disposición, e engade que el non foi culpable da quebra de ningunha empresa.

O señor Couto reitera a súa pregunta sobre que acadou o Concello de Carral co sistema de cooperación, e respóndase que a débeda, e un patrimonio de pisos baleiros, e pregúntalle ao señor Alcalde que esperaba.

O señor Alcalde resposta que esperaba que puidese estar totalmente rematado, cunha praza de 3.500 m<sup>2</sup>, un parque infantil, e coas cesións previstas no anteproxecto para a cración dun auditorio. Reitera que a crise fixo que a empresa quebrase, mais quedou feito un 30%, outro 30% está a medio facer, e outro 30% non. En todo caso, indica que hai trinta familias máis vivindo en Carral, facendo que medre con xente nova. Recoñece que foi un "chasco" importante o tema económico e que, se tivesen sido máis desconfiados, actuarían doutra forma. Engade que, de todos xeitos, houbo casos similares na prensa na Coruña ou Culleredo, e que o de Carral non é un dos casos máis sangrantes, pois só hai tres edificios sen rematar. Explica que na UA 5 se utilizará o mesmo sistema, mais que non serán tan compracentes, de xeito que non se poida afectar ás arcas municipais. Reitera que o desembolso que se fai coa UA2 é para cumprir coas obrigas do Concello, e que o contratista esperou entre 5 e 6 anos para cobrar. Por último, indica que se aposta polas unidades de execución porque son positivas para que medre o concello.

A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP) engade que cos cartos empregados se arranxou a estrada, e que o edificio abandonado valouse para que non poida entrar ninguén nel e para que se poida pasar por alí tranquilamente.

O señor Couto replica que os terreos da UA eran nun 92% da mesma promotora, e que se podería ter usado o sistema de compensación, de xeito que ao Concello non lle tería pasado nada. Pregunta que necesidade ten o Concello de meterse nestes asuntos e de absorber máis débedas, cando xa ten catro millóns que haberá de soportar moitos anos.

### 5.- MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO.

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que o señor voceiro dos grupo municipal mixto/ACC indica que si, procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF en relación ás mocións que presenta tal grupo municipal.

#### 5.1.-Moción do grupo municipal mixto-ACC para dar apoio expreso á Plataforma de Vítimas do ALVIA 04155.

#### EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) dá lectura ao seguinte escrito da Plataforma de Vítimas do ALVIA 04155 no que agradece ao grupo mixto/ACC a iniciativa de presentar a moción [transcríbese o texto proporcionado polo señor Bergondo Trillo á Secretaría do Concello]:





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

" (...) A lo largo de estos 2 años y 9 meses desde que ocurrió el accidente del tren de Alta Velocidad en Santiago de Compostela, las víctimas hemos tenido que sufrir, además de las consecuencias del mismo -81 personas fallecidas y 145 heridas, algunas de ellas con graves lesiones irreversibles- el ninguneo, el trato inhumano, la humillación, las mentiras, la ocultación y la ausencia de colaboración con la Justicia por parte del Gobierno y de muchas instituciones públicas, además de la conducta hacia las víctimas por parte de políticos concretos, con nombre y apellidos, que -desgraciadamente- siguen hoy ocupando diversos puestos de representación y de responsabilidad en las instituciones, algunos de ellos cambiados de puesto y otros, los más importantes, ascendidos de categoría.

Pero como la Historia hace Justicia hoy tenemos en nuestro país partidos políticos nuevos que, con distintos planteamientos ideológicos, pretenden revocar las instituciones, estar más cerca de los ciudadanos e intentar que esta democracia sea digna de tal nombre.

Desde un principio, las víctimas hemos reclamado una Comisión de Investigación Parlamentaria, en donde se depuren responsabilidades políticas, que existen desde el momento en que el ministerio de Fomento y las empresas públicas ADIF y RENFE publicitan la línea y el tren como Alta Velocidad, engañando gravemente a la ciudadanía diciéndonos que "contaba con mayor seguridad, la última tecnología y sistemas de conducción automática". Para nuestra desgracia pudimos comprobar que no se cumplían ninguno de los requisitos de seguridad que exige este tipo de ferrocarriles, lo que ha quedado absolutamente claro en la causa judicial.

Varias decisiones del gobierno anterior y del actual en funciones comprometieron la seguridad de los viajeros. El accidente se habría evitado si no se hubiera cambiado el proyecto original en 2010, cuando era Ministro José Blanco. Tampoco habría ocurrido si no se hubiera desconectado el sistema de conducción automática ERTMS en junio 2012, siendo ya Ministra Ana Pastor. Y por si esto fuera poco, altos cargos de Renfe y ADIF recibieron por escrito la advertencia de peligro del Jefe de Maquinistas de Orense, Sr. Iglesias Mazaira y no tomaron ninguna medida.

Pese a lo anterior, como los Sres. Concejales sabrán, en el Parlamento Español, el PP vota 4 veces en contra de que la propuesta de creación de una Comisión de Investigación Parlamentaria vaya a Pleno. Finalmente, el 16/10/2013, se debatió en Pleno una Moción de IU proponiendo la creación de la Comisión. Votaron en contra PP, PSOE, CIU y PNV. Esta es la historia, Sres. Concejales, esta es la historia.

Las víctimas hemos tenido que soportar, además, multitud de afrentas. Una de las más viles fue el 24 de julio de 2014, un año después del accidente, a la entrada de un acto en la Ciudad de la Cultura de Santiago de Compostela, que -suponía- era para honrar la memoria de las propias víctimas y sus familias, no solamente no nos dejaron entrar a la inmensa mayoría de las víctimas sino que, no conformes con eso, nos enviaron a las fuerzas antidisturbios para impedirnos el paso. Ninguna persona del Gobierno de Galicia vino a darnos una explicación, ninguno tuvo un atisbo de compasión y de humanidad hacia nosotros.

Pero el ocultismo de las víctimas, como ciudadanos de pleno derecho que somos, hemos tenido que soportar por parte de las instituciones no queda ahí. Cuando se publica la Ley 19/2013, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno, las víctimas nos dirigimos al Ministerio de Fomento por escrito solicitando algunas aclaraciones respecto al desarrollo de la línea de Alta Velocidad, en el tramo Ourense-Santiago, así como a las características del tren Alvia S730 y sus respectivos costes, ya que nos resultaba difícil entender cómo, según datos aparecidos en los medios de comunicación, se podían haber gastado 164 millones de euros de todos los ciudadanos en un sistema de frenado automático (ERTMS) que nunca funcionó correctamente; o qué ahorro supuso el cambio del proyecto original; o en qué se empearon los más de 58 milloenes de euros adjudicados, 24 días antes de las Elecciones Generales de 2004, a la empresa OHL en el tramo de Alta Velocidad Boqueixón-Santiago, de 5,8 km de longitud con una curva -donde se produjo el trágico accidente- trazada en los años 40 y que, al parecer, apenas sufrió modificación alguna.

Pues bien, ¿saben los Sres. Concejals cuál fue la respuesta del Ministerio de Fomento? Contestarnos con evasivas, remitiéndonos al portal del Perfil del Contratante y a dos enlaces de internet. Y cuál no sería nuestra sorpresa cuando nos encontramos que en ambos ponía: "página no encontrada". Como podrán comprobar una transparencia total y absoluta.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

[www.carral.es](http://www.carral.es)

Existe el error humano, sin duda. Pero es mucho más fácil que éste se produzca cuando se desconecta el sistema de seguridad para evitar retrasos, se cambia el proyecto original por uno menos seguro, cuando se desoyen las advertencias de peligro, cuando el conductor de un tren de Alta Velocidad tiene que circular a 200 km/h y reducirla bruscamente a 80 km/h, sin señales ni balizas, tiene que orientarse mediante "referencias personales" (contar túneles, ver un chalet con piscina o una valla, como está explicitado en la causa) y, además, tiene que atender las llamadas corporativas y, al mismo tiempo, ir mirando una "chuleta" escrita que, además, contenía errores.

Todos estos hechos, que son solamente un pequeño "apunte" de lo que estamos soportando desde que se produjo el accidente, es lo que nos lleva a insistir en la necesidad de una Comisión de Investigación Parlamentaria en el Congreso de los Diputados, donde se levanten las alfombras y se conozcan, con luz y taquígrafos, todos los entresijos técnicos, económicos y negligentes que hay detrás de este accidente. Y desde luego no nos cabe la más mínima duda de que donde no existe transparencia es porque hay algo que ocultar. ¿Qué es lo que se trata de ocultar en este caso o a quienes se intenta proteger?

Les invitamos encarecidamente a que vean el documental *Frankenstein04155*, premiado en la Semana Internacional de Cine de Valladolid -SEMINCI-, que tras dos años de investigación, consultas a ingenieros y expertos ferroviarios expone de manera clara las negligencias cometidas. Tal y como dijo la periodista Julia Otero tras su visionado: "Les recomiendo que vayan a verlo, *Frankenstein-04155*, ES DEMOLEDOR".

Las víctimas no podremos descansar jamás si no sabemos absolutamente toda la verdad sobre lo que hay detrás del accidente y, además, consideramos que tenemos derecho a ello, nosotros y el resto de los ciudadanos, ya que esa es la única manera que nada semejante se vuelva a repetir.

Volvemos a repetir nuestro agradecimiento al Grupo Municipal de ACC y al resto de grupos que se han sumado a esta iniciativa, porque con ello demuestran que algo está cambiando en nuestro país y que los modos y maneras de hacer política hasta ahora quedan tan solo para la historia."

Por outra banda, o señor Bergondo Trillo dá lectura á moción que presenta, como segue:

"A plataforma de Vítimas do Alvia 04155 leva loitando por esclarecer as circunstancias nas que se produciu o desgraciado accidente do tren Alvia 04155 con destino a Santiago de Compostela o 24 de xullo de 2013. Neste accidente morreron 81 persoas e resultaron feridas outras 145 é o accidente ferroviario máis grave da historia da democracia española. Dita plataforma constitúese coa intención de reivindicar a verdade e a xustiza nun amplo sentido, esixindo tamén responsabilidade políticas, polos feitos que rodearon ao mencionado sinistro.

Un suceso tan grave non pode nin debe quedar no esquecemento das institucións públicas e dos responsables políticos, e por iso é necesario indagar nas causas e responsabilidades penais e políticas que poidesen derivarse de devandito accidente ferroviario. Á marxe das investigacións xudiciais e as responsabilidades penais que poidan derivarse delas, as vítimas sempre reivindicaron a apertura dunha Comisión de Investigación Parlamentaria para depurar as responsabilidades políticas e nun exercicio de responsabilidade é necesario dar o noso apoio a esta iniciativa, situarnos do seu lado dándolles o noso apoio expreso.

A Plataforma de Vítimas do Alvia 04155 denunciou en reiteradas ocasións a falta de sensibilidade das autoridades e unha incomprensible situación de desamparo que viola os seus dereitos máis básicos como vítimas e familiares deste terrible suceso. Con esta moción non podemos reparar o dano inmenso que estas persoas sufriron, non podemos facer xustiza, nin esclarecer a verdade do ocorrido, pero a través do consenso entre todos os partidos políticos con representación no noso Concello nun acto de responsabilidade e compromiso contribuímos a recoñecer e dignificar ás vítimas e familiares do accidente ferroviario Alvia 04155.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Asamblea de Carral, presenta para o seu debate e posterior aprobación en pleno a seguinte





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

### MOCION

- 1.-Dar apoio expreso á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155.
- 2.-Que o Concello de Carral reciba á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155, para coñecer as súas demandas e reivindicacións.
- 3.-Solicitar ao Goberno da Nación que encargue a unha comisión de expertos e técnicos independentes a investigación do ocorrido.
- 4.-Solicitar ao Futuro Goberno da Nación a apertura dunha comisión de investigación en sé parlamentaria para establecer posibles responsabilidades políticas."

O señor Alcalde explica que o señor voceiro tiña, neste intre, que xustificar a moción, e non "ler un testamento".

A señora Duarte Gerpe (grupo municipal do PP) opina que o señor Bergondo espuxo unha carta que non tiña que ver coa moción; engade que que a moción está escrita e non fai referencia a ninguén dos que di a carta, senón que se refire ás vítimas, de xeito coherente. Indica que entende que a plataforma veña ao Concello e que sexa recibida por todos na Corporación, mais que coida que o normal sería que a asociación falase primeiro co Alcalde pois, en caso contrario, dá a sensación de que o Alcalde non os recibiu. Manifesta que neste Concello son suficientemente sensibles para atender ás vítimas do tren e doutros accidentes desgrazados, e que o Concello de Carral non ten interese en atender ás vítimas, mais opina que a asociación debería falar previamente co Alcalde para despois voltar traer o asunto ao Pleno. Engade que ao Concello non lle compete decidir quen é culpable ou non.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) louva o traballo encomiable da asociación de levar a moción até o concello máis pequeno, indica que o seu grupo os apoia, "caía quen caía", a dálles as grazas por vir a Carral.

O señor Alcalde coida que se misturan moitas cousas, e non entende por que se dan tantas voltas á falta desas persoas. Pensa que o accidente posiblemente se puidese evitar, mais non o sabe, e que as familias teñen dereito a sabelo. Manifesta que está de acordo coa moción que se presenta, mais non con outras cousas que dixo o voceiro do grupo mixto, e que se refiren a cuestións delicadas. Lembra que hai un ano tamén houbo un accidente moi grave en Carral, por cuxa causa faltaron oito persoas, e que Carral estivo á altura, e tamén o estará agora con estes representantes das persoas que faleceron no tren en Angrois. Finaliza indicando que lle gustaría que "este perogrullo" non voltase ocorrer, especialmente cunha cuestión tan delicada, e que se debería evitar.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada, por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as que compoñen a Corporación, presentes na sesión.

### VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno aproba a moción, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as que compoñen a Corporación, adoptando os seguintes acordos:

- 1.-Dar apoio expreso á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

[www.carral.es](http://www.carral.es)

2.-Que o Concello de Carral reciba á Plataforma de Vítimas do Alvia 04155, para coñecer as súas demandas e reivindicacións.

3.-Solicitar ao Goberno da Nación que encargue a unha comisión de expertos e técnicos independentes a investigación do ocorrido.

4.-Solicitar ao Futuro Goberno da Nación a apertura dunha comisión de investigación en sé parlamentaria para establecer posibles responsabilidades políticas.

### 5.2.-Moción do grupo municipal mixto-ACC para adhesión do Concello de Carral ao proxecto APEGO.GAL.

#### EXPOSICIÓN

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto/ACC) dá lectura á moción que presenta, como segue [transcríbese o texto proporcionado polo señor Bergondo Trillo á Secretaría do Concello]:

"O concelleiro da Asamblea Carral e voceiro do grupo municipal, César Bergondo, formula a seguinte **MOCION PARA ADHESIÓN DO CONCELLO DE CARRAL AO PROXECTO APEGO.GAL**, ao obxecto de ser incluída na orde do día do Pleno ordinario e debatida no mesmo coa seguinte

#### Exposición de motivos

Tanto o uso como a promoción da nosa lingua é algo importante e necesario para fomentar a nosa cultura. O galego é a lingua propiada de Galicia. Pertencenos como pobo preservala e estar ben orgullosos dela. É única e irrepetible. Recibimola en herdo e en herno correspóndenos deixala.

Dende Asamblea de Carral queremos solitar a adhesión o proxecto APEGO.

APEGO é un programa colectivo creado para fomentar e mellorar a transmisións do galego cmo lingua inicial. É un proxecto dos servizos de normalización lingüística de distintos concellos, coma Baña, A Coruña, Ames, Carballo, Carnota, Ferrol, Mazaricos, Moaña, Muros, Narón, Negreira, Oleiros, Ourense, Ponteceso, Pontevedra, Redondela, Rianxo, Ribadeo, Rois, Santiago de Compostela, Teo, Vigo, Vimianzo e impulsado e creado pola Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua.

O programa APEGO gal vai dirixido ás familias que están a agardar a chegada dun novo membro e tamén as que xa teñen crianzas ata 6 anos. Este programa quere axudar á socialización en galego e propón o uso do galego para crear vínculos coa familia e asentar o arraigo á terra. A lingua de cada pobo é un tesouro irrepetible e tamén é a cerna que lle permite existir e descubrir o mundo. Pódense atopar moitos máis detalles deste proxecto no enderezo electrónico [apego.gal](http://apego.gal). Esta comunidade pretende tanto fomentar e mellorar a transmisión do galego como lingua inicial.

Unha das medidas que promoven dende este portal, ademais de toda a información didáctica, educativa e cultural que nel se atopa, é a do agasallo dunha caixa cunha serie de axuda a educación en galego. Esta caixa de benvida está dispoñibel só para os habitantes dos concellos adscritos á iniciativa.

#### ACORDO

Dado o descenso de galegofalantes no Concello de Carral, e para apoiar a natalidade, a adscrición a esta iniciativa sería un paso claro para a mellora de ambos aspectos. É moi doado facelo a través da nosa Normalizadora lingüística."

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é aprobada por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as que compoñen a Corporación presentes na sesión, polo que se pasa de seguido ao seu tratamento.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

(Ás 12:46 horas, a señora Blanco Fidalgo abandona a sesión).

## DEBATE

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) manifesta o seu acordo total coa moción.

O señor Alcalde, pola súa banda, indica que discrepa coa moción, pois o Concello xa conta cunha normalizadora lingüística e o municipio ten agora máis galegofalantes que antes, conta con subvencións da Xunta de Galicia e da Deputación da Coruña na materia, e fai toda a súa documentación en galego, apostando seriamente polo noso idioma, mais sendo educados e contestando en castelán cando nos falan nesa lingua. Engade que a normalizadora lingüística non trasladou ningunha inxerencia en relación á cuestión indicada na moción e, por tanto, o señor Alcalde coida que non necesitan outra organización que non demanda nin a normalizadora lingüística.

O señor Bergondo Trillo espera, neste caso, que se lle teña dito á normalizadora lingüística que non debe adherirse á plataforma, non vaia ser que xa estea facendo os trámites para isosen que eles se dean conta.

O señor Alcalde replica que non se preocupe, porque este tema está máis que estudado; indica que temos máis galegofalantes a cada paso, e que asemade temos unha normalizadora lingüística que o está a facer moi ben. O señor Bergondo Trillo puntualiza que nunca puxo en dúbida o que fai a normalizadora.

## VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación, o Pleno rexeita a moción, en votación ordinaria, por sete votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a cinco votos a favor (dos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes neste intre na sesión, e do señor concelleiro do grupo municipal mixto-ACC/SON).

## 6.-ROGOS E PREGUNTAS.

### 6.1-Rogos e preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON)

**1.-** O señor Bergondo Trillo solicita a todas as concellerías que, en cumprimento do Real Decreto 1856/2009 se deixe de utilizar os termos "*minusválidos/minusvalidez*", e que se substitúan polos termos "*discapacitados/discapacidade*" (aínda que considera que, na súa opinión, estes termos tamén teñen connotacións negativas e deberían substituírse por "*diversidade funcional*").

(Ás 12:50 horas reincorpórase á sesión a señora Blanco Fidalgo)

**2.-** O señor Bergondo Trillo indica que, en La Opinión deste domingo, se facía referencia a un proxecto de instalación dun tendido de alta tensión con postes en Carral, con varias alternativas, e cun treito común que pasaría por Sumio, Barcia, atravesaría a N550 e cruzaría o Camiño Inglés. Pregunta ao señor Alcalde que sabe sobre o asunto, se ten pensado facer alegacións, e se está disposto a loitar a favor das enerxías renovables.

**3.-** O señor Bergondo Trillo fai referencia a unha xuntanza mantida polo concelleiro e a técnica de Medio Ambiente para os voluntarios contra as vespas asiáticas, na que lles terían indicado que tiñan que ter feitos os correspondentes cursos na materia. Pregunta se todas as persoas que están realizando eses labores contan cos devanditos cursos esixidos.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

4.-Por último, pregunta a que se destinou un gasto farmacéutico durante a última viaxe ao Aquapark, dado que ten que haber un botiquín por lei no autobús e nas instalacións do parque acuático.

### 6.2-Rogos e preguntas do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

1.-O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) explica que Red Eléctrica Española enviará o documento inicial para o procedemento ambiental, e que falta case un ano para a exposición pública. Ao respecto, pede que a posición de todos os grupos sexa común, e indica que se barallan dous trazados (un por Abegondo-Xocín- e a carón do lago de Meirama ; e outro por Barcia-Cabrois-Xalo). Engade que non posúe datos suficientes para manifestar cal é o mellor trazado, aínda que quizais poida ser o segundo, pois o primeiro afecta a unha zona de arboreda especial. Pede que, en todo caso, cando se adopte unha posición ao respecto, se faga contando con todas as forzas que compoñen a Corporación.

2.-O señor Couto manifesta que o domingo pasado houbo un "ruxe-ruxe" pola instalación dunha carpa municipal na ribeira do Barcés por parte de operarios do Concello. Ao respecto, pregunta que entidade ou asociación a solicitou e que protocolo se segue para a súa concesión.

3.-O señor Couto pregunta cando pensan abrir ao público a Casa da Xuventude.

### 6.3-Respostas do señor Alcalde

O señor Alcalde explica que Red Eléctrica Española (REE) é unha empresa con participación do Estado que precisa reforzar as liñas eléctricas cara á Coruña dende a subestación das Travesas/Mesón do Vento, así coma dende A Coruña a Abegondo e Cesuras, e que hai dous proxectos ao respecto. Engade que REE fai unha consulta ao Ministerio de Medio Ambiente para avaliar o impacto ambiental, elaborar o proxecto, e sometelo a información, entre outros, dos concellos afectados, de Augas de Galicia ou de Patrimonio. Confirma que ese período de información aínda queda lonxe, mais hai que estar atentos. Por outra banda, opina que non hai que misturar " cousas raras", pois as liñas eléctricas son necesarias para todo (nevera, móbil, ver de noite...), e non se deben misturar coas enerxías renovables, pois a corrente producida mediante estas tamén se leva por cabos, e non se "colle a caldeiros debaixo do eólico". Manifesta que estarán atentos, mais que non se pode ir contra o progreso, e que a enerxía que se produce en Meirama e pasa pola subestación máis grande de Galicia en Carral, ten que ir á Coruña, sen prexuízo de que as persoas afectadas cobren. Reitera que o proxecto vai para varios anos, mais indica que, en canto o Concello reciba algo ao respecto, daránlles traslado.

En canto ás vespas asiáticas, manifesta que o concelleiro de obras e servizos, Carlos Barbeito, xa está feito un experto na súa recollida, e que xa lle picaron tantas veces que ha de ter o antídoto dentro. Explica que xa retirou máis de douscentos niños e que, aínda que non se dá feito, seguirá retirándoos. Explica que as persoas que queiran facer o curso necesario poden facelo rapidamente, poñéndose en contacto coa técnica de Medio Ambiente, para uso da pértiga, casco e traxe. O señor Bergondo Trillo reitera a súa pregunta, pedindo unha contestación afirmativa ou negativa, ao que o señor Alcalde resposta que o concelleiro ten todos os cursos e, se alguén quere facelo, facilítanllo no departamento de Medio Ambiente do Concello (ao que a señora Duarte Gerpe engade, "aparte de ser voluntarios de Protección Civil", segundo o señor Alcalde, para estaren así protexidos e cubertos polo seguro).

No tocante aos gastos farmacéuticos na excursión ao Aquapark, o señor Regueira Moar (concelleiro de Xuventude e Deportes), explica que non foron por menciñas, senón tres botes de crema solar que esqueceron algúns nenos, e engade que a factura está en Intervención.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tël.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

[www.carral.es](http://www.carral.es)

En canto á Casa da Xuventude, o señor Alcalde explica que se está a recibir ordenadores e mobiliario a contagotas (O señor Couto López replica preguntando canto tempo -anos- levamos así, e indica que, lamentablemente, a Asociación xuvenil Mil e Pico desapareceu neste entre tanto, e coída que o Concello afoga ás asociacións. Solicita que volten aos orzamentos subvencións ás asociacións. Engade que a Mil e Pico quedou sen local, pois a Igrexa llelo negou, e a Casa da xuventude non chegou a tempo. Manifesta que, con tal asociación, marchan máis de corenta anos de historia e de actividade cultural que, antes, era máis importante cá do Concello.

En canto á carpa, o señor Alcalde explica que se presta ás asociacións debidamente constituídas e ás comisións de festas, sendo a prioridade por orde de presentación das solicitudes; tamén se presta aos Concellos de arredor (igual que eles prestan ao de Carral outros equipos, coma as portarías de fútbol-7 de Culleredo, ou efectivos de Protección Civil e Policía Local ou maquinaria), previa solicitude do correspondente Alcalde, que se fai responsable. Así, pon coma exemplos o seu uso en Abegondo para a romaría de Sarandós; en Culleredo para eventos en Castelo; a festa do can e a malla en Ordes; ou para revivir a Historia da parroquia de Vista Alegre na Laracha. Engade que prefiren que a monten os operarios de obras e servizos do Concello, pois xa se deu algún caso en que os prestatarios non sabían como montala e houbo que ir axudarlles, de xeito que se fai o favor completo (levala, montala e retirala). Tamén indica que, ás veces, a solicita algún Concello limítrofe mais se necesita, coma ultimamente ocorreu cunha solicitude do Alcalde de Abegondo para o 25 de setembro.

Ao non existir máis temas que tratar, ás 13 horas e 08 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de vinte e cinco páxinas numeradas do un ao vinte e cinco, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval

